

nós.



NUM. 8

5 Decembre do 1921

# NÓS

BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA,  
ÓRGÃO DA SOCIEDADE "NÓS".

DIREKTOR:  
Vicente Risco

XERENTE:  
Arturo Noguerol

REDAUTOR-XEFE:

Xavier Prado (Lameiro)

SEGREDARIO DA REDAUCIÓN:

Xulio Gallego

REDAUTORES:

Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo,  
Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado

COLABORADORES:

Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Philéas Lebesgue, Leonardo Rodríguez, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo Abente, Manoel Banet Fontela, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Ernesto Rivera, Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro, Alexandre de Córdoba, J. Cervaens Rodrigues, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Xosé Fernández Martínez, Farruco Lamas, etc., etc.

---

## REDAUCIÓN Y-ADEMINISTRACIÓN Padre Feixóo, 12

---

### ABONAMENTO

Doce números, na Península . . . . . 6 ptas.

    "      Fóra. . . . . 15 "

Número sólo, 60 cts. na Península, 1'50 ptas. fóra

Iste boletín non publica mais oriximás que os que foran directamente solicitados pola Dirección.—Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidas, non sendo des que por non iren firmados, enténdense que son da Redacción.

---

### SUMARIO

*En lembranza de Terencio Mac Swiney, REDAUCIÓN.*

*Terencio Mac Swiney, ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ.*

*Notas da vida de Terencio Mac Swiney, Miss ANNIE MAC SWINEY.*

*Irlanda, RAMÓN CABANILLAS.*

*Cathleen ni Houlihan W. B. Yeats, tradución galega de A. VILLAR PONTE.*

*Irlanda política no século XIX, RAMÓN OTERO PEDRAYO.*

*Ao bon irlandés, VICTORIANO TAIBO.*

*Irlanda e Galiza, VICENTE RISCO.*

*Fora de testo: retrato de Terencio Mac Swiney.*

NOS

# MANUEL SEOANE

AXENCIA DE FERROCARRILES

Madeiras labradas de todas clases

Mercante APEAS pra minas

Ponte Mayor - OURENSE

## SAMANIEGO • FOTÓGRAFO DE MODA

Luis Espada, núm. 13 - OURENSE

## SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

Ponte Mayor y - Ourense

## Gran Café "ROYALTY,"

BÓ SERVIZO :: CAFÉ E LICORES DAS MILLORES CLASES

Depósito da excelente Sidra "REINA DE ASTURIAS,"

PRECIOS BAIXOS POR PARTIDAS DENDE CINCO CAIXAS ADIANTE

DISPONIBLE

## LOS CHICOS • Tecidos-Novedás

PRECIO FIJO

Paz Novea, núm. 1 - Ourense

## LUIS GALLEGOS - Procurador

DASE PRESA NO DESPACHO DE TODA CRAS D'ASUNTOS

LUIS ESPADA, NÚMERO 9.-OURENSE

NÓS

# GRAN "HOTEL MIÑO,, OURENSE

O ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCIÓN CENTRAL  
AMPLIAS HABITACIÓS :: COARTOS DE BAÑO  
PENSIÓN COMPRETA DENDA 12 A 60 PESETAS

**Propietario: ANDRÉS PERILLE :: Teléfono 21**

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,"  
OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDAS OS REVENDEDORES

FABRICANTE

**ANDRÉS PERILLE**

OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.<sup>a</sup> edición

REPRESENTANTE N - A ARXENTINA

**JOSÉ MARTÍN**

Calle Venezuela, 99

BUENOS AIRES

# Casa "PERILLE,,

FERRETERIA :: LOUZA :: CRISTAL  
MOEBLES ECONOMELOS E DE LUZO  
FRABICACION DE COLCHÓS PATENTADOS

Vostede pode montal-a sua casa con solo visitar iste estabrelemento, obtendo o maximum d' economia.

Paz Nóvoa, 9 - OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO  
DA SOCIEDADE "NÓS".

Ano II

Ourense 5 de Decembre 1921

Nºm. 8

En lembranza de

## Cerencio Mac Swiney

o Héroe-Mártir que pasmou ó mundo  
e de todolos outros irmáns nosos de raza  
que deron a vida pola sagrada causa d'Irlanda

os que cairon na batalla de Bonyne  
Lord Edward Fitz Gerald e os trinta mil  
de 1798

e o xeneroso Roberto Emmet  
os Fenianos e os Invencibres  
os que axusticiaron dempois da semán de  
Páscoa de 1916

e os que ainda onte foron imolados  
Porque d'iles e da sua Pátreia dixo o noso  
poeta:

"Tén unha nova estrela o noso río  
E tén uns novos santos noso altar.."



## TERENCIO MAC SWINEY



INGUÉN dubida  
xa do preto trun-  
fo dos irlandeses  
na loita de sé-  
culos, pol-a súa  
libertade.

Y-entre toda-  
l-as loitas da  
Grande guerra,  
y-entre todol-os  
movimentos de  
ideas y-os con-  
certos e descon-  
certos dos pobos  
despois da des-

feita, somentes se presenta limpia, xenerosa,  
pingando sentimento e xenerosidade en cada  
fala y-en cada movimiento a feiticeira Irlanda.  
Pr' os irlandeses ricos e probes, ignorantes  
e cultos os probremas e intereses comerciais,  
industriais, toda a vida económica pasa ó derra-  
deiro. O vento que move a todol-os curazós  
irlandeses é o amor á Terra y-unha infinita  
arela de libertade.

Grande exemplo y-escarmento dos homes  
que non se decatan de qu'a saúde do mundo  
está na sua espiritualización.

Y-eiquí amóstrase o espello de toda a ener-  
xía y-a espiritualidade do pobo irlandés: Te-  
rence Mac Swiney o inmorrente Mayor de  
Cork, o alcalde de Cork.

O alcalde de Cork foi o protagonista d'unha  
moi sinxela hestorea. Un home preso, que se  
deixa morrer de fame, levado d'un ideal. E  
morreu.

Todo feito por moi pequeno que pareza, ten  
un significado outo, ollado con humanidade.  
Esi n-este feito d'un home que se deixa morrer  
de fame, hai un grande insíño pra todol-os  
homes, ainda pr' os que se cren na dianteira de

toda cultura. O mesmo Mac Swiney deixou a  
tradución do seu feito: «Esta é unha loita de  
resistencia e non han sei-los trunfadores os que  
mais poidan facer sofrir, senón os que poidan  
sofrir mais».

A doutrina do renunciamento, pra salvar á  
humanidade e pra abranguer o trunfo do ideal  
é a gran força do pobo irlandés y-é a grande  
obra de Mac Swiney cando morría no cárcere  
de Brixton, y-o seu nome servía de risa ós mais  
dos homes, embestecidos pol-as preocupacións  
económicas, e pol-as loitas de comercio e pol-os  
podres ideás de patronos y-obreiros.

Mac Swiney é un nome feito de lús, ante  
total-as brétemas do noso tempo. As súas ver-  
bas foron tan sinceiras como os seus feitos, e  
cando estábamos acostumeados a ver na lama  
as mais sinificativas verbas: Verdade, Xusticia,  
Libertade, Pátrea, e xa todos no segredo de que  
eran valeiras, veu Mac Swiney a enchelas, e  
cando dicía: «Mañán a tua Terra espertará, ¡E  
doce morrer por tí Verdade, é por tí Libertade!»  
craba este falar con toda a forza dos mais sin-  
ceiros movimentos do curazón.

Homes haberá que digan qu'o valore de  
Mac Swiney foi unha virtude pasiva, sin a  
fecundidade das grandes auciós. ¡Que cegueira!  
Lonxe dos grandes berros, das bandeiras, mísse-  
cas, condecoracións, zoar dos caños, borrachei-  
ras das multitudes... co espírito ben sereno, na  
soedade mais fonda, Mac Swiney daba a súa  
vida, en cada instante pensando que cada paso  
escara a morte abría un camiño de vida á súa  
terra.

Non hai enerxía comparabel á que se per-  
cisa pra un morrer de cada momento, cando se  
pode salvar a vida con toda facilidade si se  
quere. O poder de sofrir supón unha potenza  
de inhibición que somentes se da nas mais outas  
representacións dos homes, y-il é unha verda-

deira superación da animalidade, de que tan necesitados están todolos directores de pobos, y os xefes dos sistemas políticos e sociás do mundo.

Mac Swiney o Mayor de Cork é unha manifestación heróica de potenza de inhibición de que é capaz un pobo ó servizo d'un ideal. Y este ideal nacionalista irlandés é amor y é pace. O querer desenrolar coa posibel liberdade o amor a unha Terra, é ser nacionalista y o querer d'iste xeito a unha pátrea, é comprehendelo amor a outras terras y é comprender con fonda cordialidade a outros homes.

O nacionalismo d'Irlanda e de Mac Swiney ten un fundamento d'amor, de comprensión, e d'idealidade. É un nacionalismo de calidade máisima, eisí como hai nacionalismos de moita cuantidade, de moitos kilómetros cadrados e de moitos millóns d' homes, que non teñen calidade, porque están feitos sobre do intrés, e da forza.

O problema antimilitarista, a desfeita dos armamentos e das guerras non pode ser resolto, senón c'un deixamento de considerar como problemas fundamentais do progreso humano, o desenvolvimento material y os fins económicos. Somentes espiritualizando as aspiracións y as doores da vida pódese chegar á comprensión, y a perfección nas conciencias e nas vontades. Y-eisí veu o seu camiño o grande Mac Swiney.

Mac Swiney, nome santo de mártir e de héroe espello de patriotas, mestre dos amadores da sua Terra os gallegos bos e xenerosos non esquecen o teu esempio, e como te seguiron nos teus sofrimentos, súgiente nos desexos de Verdade, Xusticia e Libertade, e pregan a Deus s'estenda a Galiza a fecundidade do teu esforzo.

ANTÓN LOSADA E DIÉGUES

Pontevedra, 16-XI-1921.

## NOTAS DA VIDA DE TERENCE MAC SWINEY

(MANDADAS ESPRESAMENTE PRA «NÓS», POR MISS ANNIE MAC SWINEY, IRMÁ DO GEORIOSO IRLANDÉS)

O Clan Mac Swiney foi orixinalmente unha familia nórdica e d'acordo c'algúns estoriadores, d' orixe Noruega. A familia foi poderosa en Longh Swilly e nos arredores, e foron sonados coma xefes militares e coma tales serviron os xefes O'Donnell, e figueron moitos casamentos cos O'Donnell y os O'Neill.

No século XIV viñeron ó Sul, e dende aquél tempo, o seu solar recoñecido foi en West Cork-Musquerry. Eli, no século XV ergueron os castelos veciños de Cladagh e Castlemore. O derradeiro pasou ó clan dos Mac Carthy, seica coma dote, porque houbo moitos casamentos entre aquiles dous grandes clanes.

O castelo de Cladagh e moitos acres de terra arredor d'el foron a principal residencia dos Mac Swiney dende o tempo de Cromwell, no que llo quitaron pra darillo a un dos soldados da cabalo do exército de Cromwell que chamaban Swete.

Os Mac Swiney endexamais se foron do seu solar ancestral, preferindo, coma outros moitos fidalgos irlandeses, ficaren como labregos no

seu chao nativo, que s'arredaren d'el para sempre.

D'iste xeito, houbo sempre e hai ainda Mac Swineys en Cladagh, anque as leiras que unha liña descendente dos desposeidos fidalgos leva hoxe, non sexa mais que unha pequena parte do que tinan os seus denantepasados antes do tempo de Cromwell.

O val inteiro do Bride, un dos distritos mais fermosos e férteis do Sul d'Irlanda, está cheo de lembranzas e reliquias dos Mac Swiney. Díñ que foi un Mac Swiney quen fixo a ponte Cookstown, fai unhas 600 anos.

Terence James Mac Swiney naceu o 28 de Marzo de 1879, no 23, North Main Street, en Cork, e bautizárono na Igrexa de San Pedro e San Paulo. Foi o quinto de nove irmáns, dous dos que morreron de pequenos. O seu pai foi John Mac Swiney, traballante de tabaco e vendedor en grande y-en detalle. A casa de North Main Street era unha tenda sucursal ó mindego, pois o grosso dos negocios levábanse no 27-28 Great Georges Street, Cork, namentral-o seu pai y-un

sen cuñado, John Buckley, estiveron en sociedade. Mais despois que a sociedade se desfixo, os negocios foron levados a King Street.

Terencio asistiu ás Escolas dos Christian Brothers no North Monastery. Cando tivo o tempo, preparouse pr' os exames correspondentes, e tivo *exhibition* nos grados preparatorio, segundo e médeo. (Unha *exhibition* é unha moeda de prezo valuado en 15 ou 20 libras). Logo de pasal-o grado médeo, un pouco despois dos dazaseis anos, deixou a escola, y-entrou na casa dos Sres. Dwyer & Company, Great Georges Street de tenedor de libros.

Namentras ali estivo, seguiu estudando polas noites, fixo os seus exames e colleu o grado de Bachiller en Artes, en Cencia Mental e Moral en 1907.

Durante ises anos d'estudo, il literalmente fagüia da noite dia. Atopou despoixas d'un curto ensaio, que despois do traballo do dia na sua oficina, a sua mente non estaba despexada d'abondo pra estudar con proveito. Entón fixose un plan de seu. Ó voltar d'os negocios, arredor das seis do serán, tomaba té, e iba dar un paseo, volvendo arredor das oito, e deitábase. Erguaise as duas da mañá y-estudaba algunhas horas total-as mañás. Gustáulle durmir seis horas, mais moi a miúdo durmía moitas menos. Os mais dos seus escritos posteriores foron feitos do mesmo xeito. Il traballaba de cote millor n-as primeiras horas da mañá, namentras qu'as suas irmás, sempre quixeron millor traballar de noite e por moito tempo; era costume da sua irmá mais nova—qu' estaba estudando pro seu primeiro exame d'Artes por aquil tempo—poñer unha pota pra faguerlle a Terry unha taza de té, e chamalo ás duas da mañá, cando ela s'iba á cama.

Me non lembro de nada dino de nota en col d'il cand' o era neno. Il era decote dóce, e' unha especie de tranquilo antusiasmo por canto il comprendia. Endexamais falaba moito da sua obra.

Na presencia tiña sempre unha color morena crara, o cabelo caxeque negro, e ollos azúes craros. Hastra fai cinco ou seis anos, tivo sempre aspento de mozo, caxeque que de rapaz, mais os anos derradeiros, probabelmente debido a estar tantas veces preso, e mais os seus moitos cuidados en relación co Movimento Nacional, perdera todo o seu aire mozo, y-a sua face puxose toda enrugada. Mais o seu curázón y-o seu antusiasmo nunca se fixeron vellos.

Cand' eramos moi pequenos, sempre deprendiamos un poema cada semán pra recitarilo ó noso pai o domingo pol-o serán. Sempre había

de ser algo encol d'Irlanda, y-a gabanza e aprobación concedida ó pequeno recitante, era en proporción direita co acceso tono rebelde da recitación. Por iste camiño, deprendiamos moitos poemas de T. D. Sullivan e algúns de Davis. «A Morte de Owen Roe O'Neill» e «Fontenoy» eran os que recitábamos con millor gusto, namentras qu'os nosos cantos preferidos eran «O'Donnell Abre» e «Clare's Dragoons».

Eu lembro un pequeno incidente dos derradeiros anos pra mostrar coma o asunto da liberdad d'Irlanda enchia os pensamentos de Terry. Podia il ter unhos dazanove ou vinte anos, pode que non tantos. Os millós de John D. Rockefeller eran ó tempo o tópico favorito dos xornaes, e un día, os nenos principiaron a discutir na mesa do que lles houberan feito con tantos cartos. A nosa nai meteu cordialmente na discussión e debatéreron moitos espléndidos plans filantrópicos. Nun pronto ocurriuselle a algúm que Terry non trouxera nada á discussión, e perguntáronlle o que il houbera feito:

—Eu faría libre a Irlanda—foi a imediata resposta, fagüendo que todolos outros pláns e castelos no aire pareceran pequenos.

As suyas respuestas ás perguntas que seguiron, amostraron qu'il xa enton comprendera a significación da opresión ingresa no desenvolvemento económico d'Irlanda, y-as relacións esenciais antr'a liberdade polifeca y-a económica.

Nos días en qu'os rapaces do seu tempo non pensan mais que nos goces do istante, Terencio estábase xa preparando pro rol que dentro d'il o espírito tiña fadado qu'il debía xogar na tráxica estoria da sua terra.

Endexamais vacillou. Il viviu de día en día c'un ideal guieiro na mente. Iste ideal era a liberdade d'Irlanda.

Dend'a primeira mocedad estaba preparado a se sacrificar pol-a sua terra. Durante a sua adolescencia, fortaleceu a sua determinación de se dar por enteiro con tal de faguer adiantar un pouquín que fose, a causa á qu'il se consagrara.

E mais il amaba a vida. Il amaba a vida, a emoción e total-as mais belas cousas qu'os poetas—porque no seu curázón il era un verdadeiro poeta—poden amar. Vivir significaba moito pra Terencio, e non embargante moi por riba d'elo puxo a liberdade d'Eirin.

Nado en Cork, a «Vila Rebelde», il, coma todolos outros rapaces d'eli, tiña un amor y-un respeito apaixonado polos vellos Fenians. O qu'era anormal n'il era a tranquila resolución co'a qu'il planeou o curso da sua vida. O seu oxetivo persistiu craramente no seu espírito,

y-a boa fortuna guiono no camiño qu' il escollerá.

Na Escola dos Christian Brothers foi pupilo do Reverendo Irmán Walker, y-era elí Superior o famoso Irmán Burke. Terencio pertenecía a unha clás famosa, os mais de cuios membros distinguíranse en todal-as cousas da vida no mundo.

«En penso qu'era o seu amor por Irlanda, y-o feito de s'istruir na lingua e na estoria irlandesas, o que deu dirección ás suas incréencias» dixome unha vez un seu compañoiro d'escola.

«Non era de todo taciturno nin d'unha disposición desconfiada. Mais de rapaz, il tiña a miúdo un aire reservado que iba ben coa sua coor escura, e cos seus cabelos caxequé negros. As suas características, anque non estranhas, eran definidas.»

Mais en relación coista fase da sua vida, nada millor que citar o que dixo d'il John Walsh, qu'era un dos seus profesores. Mr. Walsh, di:

«Parez que pasou moi tempo, e fai vinteito anos, cando eu era profesor segrar cos Christian Brothers no North Monastery en Cork, había na misia clase dous rapaces moi desemellantes en natureza e disposición, qu'algún tempo antes soupen qu'eran irmans. Eran Terencio e Pedro Mac Swiney.

«Eu recordo a seria face d'aquil mocinho que rara vez ou nunca tomou parte nas brincadeiras dos outros rapaces, e fago comparanza coa do seu irmán Pedro, o inventor de todal-as trastadas dos rapaces na clase. Pedro estaba sempre fervendo, perdendo lenciós, fagendo entrar toda clás de trastornos y-a miúdo recibindo castigos por arremedar ós profesores.

«Pedro era un remedador nato. Eu lémbrome nos anos derradeiros, sendo xa un home, voltábamos d'un partido de football en Limerick; unha gran chea de xente agardaba que pasara un tren especial onde viña o leader irlandés William O'Brien. O pobo da comarca agolouse ó redor do noso vagón na estación de Kilmallock y-acramou a O'Brien, crendo que o políteco viña no noso departamento.

«Pedro decidiu qu'aproveitaran o tempo y-os cartos. Pediu un chapeu de labrego y-unhas gafas, y-envolto n'unha chaqueta satinada, n-unhos cinco minutos, falou dend'a fiesta do vagón esautamente cos mesmos xestos y-a mesma fala qu'o héroe de Tullamore. O público aprausouno a cada frase. Logo, aquela noite, cando Mr. O'Brien chegou, fallounlle o seu recebemento acostumado en Kilmallock.

«Ora, Terencio, a quen eu coñecin de neno e

de home, era por completo diferente. Doce meses estivo na misia clase, mais en coñecino na escola por tres ou catro anos.

«Ainda era un rapaz, e xa falaba e obraba c'unha calma e unha deliberación qu'amortaba a imensa força do seu caraute. Ainda con todo, non era un rapaz de quen un houbera dito que chegaría a ser un grande home co mundo inteiro resoando co seu nome.

«Non, Terencio Mac Swiney era diferente de todal-os outros rapaces na clase. Houbera tido o estrevemento combinado co aquela forza de caraute que chamaba a atención no primeiro encontro, y-houbera deixado unha mais crara impresión, mais o apartamento qu'asi o señalou nos anos derradeiros deixaba a un coa impresión de qu'aquil guapo rapaz con cabelo negro com'un corvo e ollos azuis contrastando tan ben coa sua pálida faciana, podía mafí pola sua boa sorte chegar a ser un escolante ou entrar no sacerdocio.

«Terry, com'os seus compañeirois lle chambaban, nunca foi traste de neno. Non iba nunca ó campo de football. Nas horas de recreo, vino a miúdo leendo algunha estoria irlandesa. E sentado nun curruncho, lonxe dos berros y-os brincos dos outros lia o seu libro.

«Nas lenciós, era fá cilmente o primeiro da clase. As cousas qu'il adoitaba dicir unha y-outra vez eran asombrosas pra un rapaz dos seus anos. Lémbrome n'unha ocasión, cand'un dos frades lle perguntou o qu'houbera querido ser, tivo unha resposta sorprendente:

«— Soldado!

«— E levar unha chaqueta bermella e ganar un chelín diario? perguntou o fraude.

«— Non, levar unha chaqueta verde e liberar Irlanda, foi a tranquila réplica.

«Velehi todo o ideal da vida de Mac Swiney.

«Atópomo algúns anos despois de ter pasado da misia clase. Era entón membro da Sociedade Xoven Irlanda, unha organización de Cork, onde s'atopaban os derradeiros restos do movemento Feniano. Terencio non tiña mais que quince anos y-os mais dos outros membros pasaban xa dos cincuenta. Non embargante, eu recordo que o rapaz orgaizou e dirixiu unha revolta na organización.

«As suas queixas eran que os métodos dos xefes eran anticuados d'abondo, e que si a Irlanda había ser libre, tiña que ser emprendida unha política mais nova e mais eficiente. As longas barbas indináronse ó estrevemento da mocedade. Non deran iles o millor dos seus anos ó servizo da sua terra, e iban agora ser supraventados por unhas cabezas tolas?

»Mae Swiney foi vencido pro non acabaron eo' il. Os votos podían estar contra d'il, mais e' unhos poucos cofrades levados pol-a forza das suas ideias, iniciou a *Sociedade Literaria Cel-tiga* qu'estaba destinada a sel-o berce do presente movemento pol-a liberdade d'Irlanda.

Terencio Mac Swiney era a y-alma qu'a movía. Il travallou pol-o rexurdimento da lingua irlandesa e por un teatro nazonal, e inda que non tivo éxito no proyeuto derradeiro, namentras viviu, con só qu'houbera vivido hasta a restauración da tranquilidade no pais, os seus esforzos houberan traguido certamente.

»Eu nunca perdín de vista a sua carreira por un longo tempo. Eu soupen da loita da sua nai viuda que tiña que manter tanta familia tan nova. O seu home morrera enantes que Terry cumprira os dez anos, e coma eu velaba por il coma home e coma rapaz, notei o coidado e consideración qu'il amostrou decote pol-a sua nai.

»Non foi nunca un fillo meramente sumiso. Il amaba á sua nai como amaba as suas irmás e irmans, coma il amaba á sua dona e ó fillo, como il amaba á sua terra. Nalgún tempo da sua vida, houbera dado a vida pol-o seu lar, coma de feito dou a vida pol-a Irlanda.»

Todo iso da narración de Mr. Walsh. Terencio namentras estivo empregado na casa Dwyer and Company, os seus xefes estaban satisfeitos da sua enerxía e intelixencia; mais aquil traballo non era a sua vocación, de modo qu'il seguiu no tempo de lecer, leendo estoria e literatura irlandesa.

Dedicouse a istes estudos con tal intensidade qu'en pouco tempo, en comparanza, fixose Bachiller en Artes na Royal University d'Irlanda. Logo abandonou o seu cárrago comercial y-acentou un posto do Cork County Council coma profesor en asuntos comerciais. Elí permaneceu hasta o comenzo da guerra de 1914, cando s'atopou desempregado debido á necesidade de economías no colexo.

Elí ocurriu un episodio que quero relembrar. Habia elí catro profesores, e no plan d'economías determinado pol-o departamento, decidiron seguir con tres. O segundo en antiguidade era Liam de Roiste, agora un dos membros do Parlamento pol-a vila de Cork. Terencio Mac Swiney era o terceiro, mais o comité escolleuno en lugar de De Roiste. Cando Terencio o soupo non quixo aceitar o nomeamento que pasou a Mr. De Roiste.

Terencio enton volven á literatura. Dende que deixara a escola, estaba sempre escribindo e publicou unha colección de poemas en 1907,

baixo do título *A mísica da liberdade* (*The Music of Freedom*). Il mesmo chamáballa: «N.º 1 da Nacente Imprensa Gael».

Nos anos seguintes publicou moitas comedias, sendo as principais antr'elas *The Wooing of Emer*, *The Last Warriors of Coole*, *The Holocaust* e *Manners Masketh Man*.

O seu intrés pol-a literatura y-estoria irlandesa fixoche tan forte que pra il foi un paso curto da literatura á política. Toda a sua vida il soñara unha Irlanda libre, y-os seus héroes eran os mártires que deran as suas vidas pra que a sua terra podera ser ceibida de debaixo dos pés do opresor. Era a sua grande cobiza seguir os seus pasos e traballar pol-a causa d'Eirin.

Cando o Sinn Fein foi un movemento, nas suas primeiras fías estivo Terencio Mac Swiney. Dende rapaz, il ouvira estorias do Gran dia en qu'un exército desbandado de soldados irlandeses-americanos dempoixas d'unha guerra de liberación, volveron os seus pensamentos alén do Atlántico e soñaron unha nova República. Estaba todo perdido? perguntábasc. Había que faguer mais que evocal-as glorias pasadas, e someter á insolencia inglesa por unha despreciable concesión.

Dend'a fundación do Sinn Fein, a sua historia é a estoria do movemento.

Mais il veu autivamente á política práctica co nacemento dos Voluntarios Irlandeses. Foi o mais alto organizador d'iste corpo no país.

Lémbrome d'unha pintura encantadora que o represeta no campo d'Istrucción dos Oficiais Voluntarios en Galway en 1915, pintada por un canarada. Elí amóstrase, corazón e alma na obra, y-o seu serio, y-as veces grave continente, da a entender qu'il era un home atido ás realidades. Foron aquiles, ledos e proveitosos días, e ningúén sacou d'eles mais proveito qu'a il. O campo tiña que mudarse varias veces namentras il estivo co'a tropa aquila vez.

O ano seguinte principiou a serie de persecuções do Goberno Británico qu'ó fin rematou co'a sua morte. Arrestárono primeiro o 13 de Xaneiro de 1916 por un discurso que botou, e soltárono o 22 de Febreiro. Non estaba en Cork en 1916, y-en sei que houbo quen empregou influencia contra d'il conforme coas instruccions do Executivo de Dublin. Mais o Goberno Británico ainda autoou contra d'il y-en Mayo de 1916 deportárono sen xuncio nin cargo á prisión de Wakefield, mandárono d'elí a Trongoch, Gales, e derradeiramente a Reading, Inglaterra, e soltárono sen mais espricación nin defensa pol-a vispora do Nadal d'aquél ano.

Volvérano prender en Febreiro de 1917 e

outra vez deportárono sen formación de causa a Ingraterra. Soltárono e volvérono a Irlanda por San Xoan d'aquil ano, pra volvelo prender por Santos e sentencialo a seis meses de cadea por ter feito un discurso sedicioso. Ó cabo d'unhos días, o 12 do mes de Santos, todolos presos no cárcel de Cork, queixáronse de fame e soltáronos baixo disciplina e condición o día 21, con orde de voltar o cárcelle ós 21 días. II non volvreu. En Marzal de 1918 prendérono en Dublin pra compretal-a sentencia encerrado no cárcel de Dundalk e Belfast, deica Setembre.

Cando cumpriu, prendérono de novo, outra vez sen acusación nin proba nas portas mesmas do cárcel.

Soltárono baixo parola, en consideración á doenza da sua dona, por Marzal de 1919. Dempois de varias ordes dadas pra prendelo, deica Marzal de 1920 os esforzos pra collelo non deron resultado, mais por fin pillárono o 12 d'Agosto en circustancias que ficaron pra sempre na memoria de todolos irlandeses, e deportárono por coarta vez pra Inglaterra.

## IRLANDA!

*Irmanciña adourada  
que pasachel-o mar!  
«Antre a brétema, o tanguido  
da campaiña de San Patricio zoando vai!  
Carne, sangue, osos celtas!  
Irlanda! Irlanda irmán!  
Ten unha nova estrela o noso ceo  
e ten uns santos novos noso altar!  
Chegou o teu berro  
ós cons de Fisterre que batem o mar  
e abréu o teu laio, salouco e ruxido,  
as vellas feridas do vello Breogán...  
xa está cheo de sangue bermello  
o cáliç do San Graal!  
Irmanciña adourada  
que pasachel-o mar!  
«A lança groriosa dos feitos heroicos e os sagros misterios  
en alto... afiada... na man!*

RAMÓN CABANILLAS



# CATHLEEN NI HOULIHAN<sup>(\*)</sup>

PEDRO GILLANE.

MIGUEL GILLANE.

PERSOAXES:

PATRICIO GILLANE (*rapaciño d' unha ducia d' anos, irmao do Miguel*).

BRIGIDA GILLANE (*muller do Pedro*).

DELIA CAHEL (*noiva do Miguel pedida en casamento*).

A PROHIBIDA.

## ESCEA ÚNICA

Interior d' un cottage (casinha aldeán) en Killala; perto do ano 1798. BRIGIDA a carón da táboa desfazendo un paquete. PEDRO sentado n'un canto da lareira, e PATRICIO n'outro.

PEDRO ¿Qué berros son eses?

PATRICIO Non ouzo ningún. (*Escoita*). Ai, si. Agora ouzo algo... Parécmese así como aprausos. (*Vai cara á finestra e olla pra fora*). Que cousa más rara. Síntese ruido e se non fita alma vivente.

PEDRO ¡Hui! Débeche sere algunha gresca.

PATRICIO Non, hoxe non é día de risar ninguén. Cecais d' aló embaixo, da cidade, venen esos berros.

BRIGIDA Cecais sefan os rapaces a xogaren. Ve acó Pedro, acarórate a miñ para ollares estes vestidos de noivo do noso Miguel.

PEDRO (*Acarodándose á táboa, turando d'unha cadeira*). Son xúrdios verdadeiramente.

BRIGIDA ¿Que che parece? non-os tifías tan bós cando fixéchel-o casoiro comigo, nin xiquer o traxe para os días de festa.

PEDRO De certo, mais é que nunca maxinei que tivese un fillo que poidera locir traxes tan fermosos na data da sua boda, e que fose, endeben, tan esclenxe partido para unha moza.

PATRICIO (*Que ficou a carón da finestra*). É unha

probifía vella que anda a rubir pol-o camiño. Cecais veña á nosa chouza.

BRIGIDA Ha ser, cecais, algunha coñecida que que se achegue a sabere novas do casamento do Miguel. ¿Non das con quem seña?

PATRICIO Ten ar de forasteira. Non, non ven á casa. Olla, agora tomou pol-o camiño que vai ó campo onde Martin e mail-o fillo esquilan as ovellas. (*Dirixindose a Brigida*). ¿Non te lembras,ña nai, do que nos contaba ontanoite Vitor dos Tres Camiños, sobr' unha forasteira que se ella pol-o país sempre que chegan as visporas d' estalar algunha revolta ou algunha guerra?

BRIGIDA Non veñas a nos aterecer a i-alma co' as tuas historias. O que cumpre é que valas a abrirlle a porta ao teu irmao. Seique ouzo os seus pasos pol-o camiño.

PEDRO Coido que o Miguel ha traguer canda si a dote da Delia; pois non querería que aquela xente s'arrepintira do punto de bodas ou lle dese por poñer dificultades.

PATRICIO abre a porta e entra MIGUEL.

BRIGIDA Ora que che entretivo Miguel? Xa vai para tempo que alucabamos pol-a finestra para te ver chegare.

MIGUEL Tiven de precisión d' ir á casa do señor abade e' o aquel de lle lembrar que mañán ten d' estar arranxado para a nosa boda.

(\*) N'unha carta dirixida a Lady Gregory, o autor fala da génesis e o significado d' este folk-drama, escreve: «Cathleen é a Irlanda, a Irlanda en cuo honor tantas lendas e tantas cantigas se teñen feito e pol-a redonduza da que muitos homes deron a vida.»

- BRIGIDA** Non che contou nada novo?
- MIGUEL** Di que facemos un guapo matrimonio e que en ningures tivera unha ledicia com'a que terá abençoando unha parexa cal a da Delia Cahel e mais eu,
- PEDRO** E xa ora, a dote traguerala ¿Non si?
- MIGUEL** Ollai. (*Cela unha bulsa encol da tábua, despois acaróbase ó lareira e fica c' o códedo na parede. Brizida que no intratiña esaminado o vestido do fillo, déixao encol do aparador.*)
- PEDRO** (*Pilla a bulsa e emborcadoua fai sair as moedas.*) Podes crérme Miguel, que soubanches faguer un bó contrato. O vello Xan Cahel quería conservar ainda por algúm tempo unha parte do convidou. «Déixame conservar ainda que somentes seña a mitade; até que vos naza o primeiro fillo», decíame. «Non, Xan, lle respondin: as cen libras esterlinas compretas han d' estar na man de Miguel antes de que nos leve á casa a vosa filla»; a sua muller puña algúns reparos, mais o trato ficou feito.
- BRIGIDA** Goréntache, Pedro, iso de manexares cartos?...
- PEDRO** Afellas que si. Houbera querido tel-a sorte de gañar cen libras, eu inda que fosen só vinte, co'a mullere que souben escolleire.
- BRIGIDA** Pois, decátate, hó. Si che trouguen pouca cousa, tamén é de certo que gañei eu cásque que nada con elo. Ora dime: ¿que tiñas ti o dia que nos casamos? Catro ou cinco galínhas e dous ou tres carneiros, que logo levabas ao mercado da Ballina. (*Xenreirose pétando co' a man na tábua.*) Pro se non che trouguen dote, o din das miñas entradas poñéndoche un fillo no mundo: Miguel, que agora s'alcontra eiquí o mesmo que un rei sentado, naméntras eu teño que baixar á hora a apañar patacas, desvívindome no traballo.
- PEDRO** Certo, muller. (*Ergue o brazo como querendo mimala e aloumiñala.*)
- BRIGIDA** Vaite, lisca dieiquí, déixame, que teño que arraxal a casa para aquela que ha vir vivire éla.
- PEDRO** Mulleriña, si xa sei que ti és da millor caste de mulleres que poida habere en en toda a Irlanda, pro decátate ben que o diñeiro é unha boa cousa. (*Escomenza a apilar os cartos e logo vai a sentar.*) Nunca, abofé, houbera maxi-
- nado ollar tanto ben de Deus entr' as catro paredes da míña casa... Moi grandes fazañas poderemos faguer nós con estes cartos. Primeiramente a traballar aquel ferrado de terra que fica na sin o cultivarmos dend'a morte de Jamsie Dempsey; criaremos ali gando e o gando mercarémolo na feira da Ballina. Escoita, Miguel: e Delia non che pidiu nada para o seu propio consumo?
- MIGUEL** Nin chisca; non se lle da maldito por isas cousas, mi padre. Nin tan siquier fai caso d' elo.
- BRIGIDA** Nin ten miga d' estrano que así seña. ¿Para que ha de preocuparse de someillantes eativezas si ten de vixiar a un un mozo do mais baril e galante? Xa pode decir que ten boa sorte de se casare contigo, Miguel. Rapaz de senso como és, saberás faguer bon uso dos cartos e non' os derrocharás ni-los has meter en bebidas cal tantos outros.
- PEDRO** O noso Miguel non ch'ha estar tanto pol-a dote, como pol-a muller que se lle ten traido. ¿N' é certo, Miguel?
- MIGUEL** (*Acarodándose á tábua.*) Todos contentes, ¿non si? Pouco que vosoutros deseñabades unha mocía graciosa que vos fixera boa compañia e que fose cand'a vós nos paseios... A dote non dura moi; pero, a muller témtola para tod'a vida.
- PATRICIO** (*Voltándose dend'a a fenestra.*) Na cidade volven a escomenzalos rumores. Cecais desembarcaron os cabalos que achábanse perto de Enniscrone e fan algúm ruido namentres beben na fonte.
- MIGUEL** ¿Cabalos? ¿Que qués que veñan faguer c' os cabalos? Hoxe non é día d' os vendere por estes arredores. Vai, Patricio, vai bulindo á cidade para sabelo que ocorre.
- PATRICIO** (*Abre a porta para sair e fica un momento no limiar.*) Pensas que se lembrará a Delia de me dar aquel cadeado que che prometera para cando entre na nosa casa?
- MIGUEL** Seguramente háse lembrar, home. Descoida.
- \*  
PATRICIO sal.
- PEDRO** Agora tócalle a vez a Patricio: a él tamén hei de lle buscar unha dote. Mas non poderá ser cousa tan dourada. Patricio non ten ningún oficio ainda.

**BRIGIDA** Fai tempo que ando a pensálo. Agora que ven ben as consas, c'os Cahel, por unha banda, que se cadra poden axudarnos, e con Delia, que ten un tio abade, cecais o noso Patricio podería facel-a carreira de crego, il que é tan apricado e que sempre vai cos seus librillos...

**PEDRO** Bo! O tempo hayo decire... Como de cote a rebulirche proyeutos pol-a chola!

**BRIGIDA** Temos que facerlle estudar algunha cousa e non'o deixar cofrer pol-as ruas coma un d'eses rapaces queandan a pedir esmola.

**MIGUEL** Por aló embaixo non paran de berrare.

Vai a porta, e fica n-ela un momento stando para fora c'os ollos protexidos pol-a man.

**BRIGIDA** Ves algunha cousa?

**MIGUEL** É unha vella que camifa aquí pol-o sendeiro.

**BRIGIDA** Quen poderá sere? Cecais a forasteira que Patricio vira?

**MIGUEL** Coido que non seña da nosa veciñanza... Mas non logro verille ben a xeito a cara: porta un mantelo que cásque lle cobre os ollos.

**BRIGIDA** Cecais éche unha probe que haberá ouvido falar da tua boda, Miguel, e vén a pedil-a sua parte d' esmola.

**PEDRO** Valerá mais que garden os cartos. Non é comenente deixalos á vista dos forasteiros, do xeito que agora se acham.

Vai a unha ucha que haberá n-un recuncho da cocifa, e logo de abrila deixá ali a bulsa, pechando despois novamente.

**MIGUEL** Mi padre, óllea: ven para a casa.

Unha Vella pasa pasenijo por diante da finestra e ollando con longo ollar a Miguel.

Falando con franqueza, me non compre ver forasteiros na casa a primeira noite de bodas.

**BRIGIDA** Abrelle, Miguel: non faigas agardar á probiña.

A Probiña, entra; Mious, arrédate un pouco para a deixar pasare.

**PROBIÑA** Que Deus vos garde!

**PEDRO** Tamén a vos, comadre.

**PROBIÑA** ¡Ben me acolledes n-esta boa casa!

**BRIGIDA** Acoague, perto do lume da lareira.

**PROBIÑA** (Sentándose beira do fogo e refregando as mans). Fora fai un vento...

Mious, dand'a porta escóicas c'os ollos atentamente.

**PEDRO** Traguedes un camiño longo, aboa?

**PROBIÑA** Moi longo, moi longo. Poucos terán camiñado tanto com'a miñ, e foron moitos a estreverse a me negaren unhas horas de casa cuberta. Perto d'aquí había un d'eses poucos caridosos, que tiña moitos fillos e eu pensaba que fosen amigos meus; pero cando ia andando cara a eles, puñéronse a correren co'as ovellas e me non escoitaron.

**PEDRO** Que tristura debe ser o non tere un leito propio para poder acocharse baixo d'él.

**PROBIÑA** Xa pasano moitos tempos desd'a data que eu escomenciei a pelengrinar pol-o mundo.

**BRIGIDA** Abofó é estrano que non estendes mais acabada, con tanto andare por esos mundos del Señor.

**PROBIÑA** Cecais teña os pes cansos e as maus quedas, pro o corazón non atopa acongo nin repouso. Cando a xente óllame asin tranquia, coida que a vellez ténme pillado e que todal-as inquedanzas fuxiron de miñ. Pro, de súpeto, a anguria e a dolor son a me abralare, e entón desacoungada vou falar aos meus amigos.

**BRIGIDA** E que é o que vos fai andar a rolo, coma quen dí, pol-a vida, d'acó para aló?

**PROBIÑA** O habere moitas xentes alleas na miña casa.

**BRIGIDA** Afé parez que tedes sofrido moiito, xazgándovos pol-o carís.

**PROBIÑA** Si, teño sofrido penas moi grandes.

**BRIGIDA** E quen foi o causante d'elas e do voso vagamundelo?

**PROBIÑA** A miña terra, que me teñen roubado.

**PEDRO** Pro era moita a terra que vos roubaron?

**PROBIÑA** Os mens catro fermosos campos verdes (1).

**PEDRO** (A parte a Brigida). A que é esta a viuva Casey a quen val para tempo lle roubaron a sua facenda de Kilglass.

**BRIGIDA** Non, home, non. A viuva Casey inda

(1) As catro provincias d'Irlanda: Leinster, Ulster, Connacht e Munster.

- PEDRO a vin eu fai pouco no mercado e é mais nova e muller conservada.
- PROBIÑA (Á Probiña). Non sentichedes unha cheia de berros cando rubiades a costa?
- PROBIÑA Sentin. E parecúme escutar aquel aturuxar dos días de festa, cando os meus amigos venen ao meu alcontro. (*Escomenza a cantar, para si mesma*):
- «*Molitos chorou, ouzo prantos e sollozes  
porque morreu Donough e do cabelo d' ouro:  
leou por graxata unha corda de cabalo  
e leou na cabesa un pouco trapo branco.*»
- MIGUEL (Avanzando dend'a porta). ¿Qué cantais, comadre?
- PROBIÑA Canto a cantiga de lembranza a un home que coñecin xa vai para lonxe, e que tiña o cabelo louro, da cor do ouro, chamábase Donough e foi aforcado en Galway. (*Torna a cantar con mais forza*):
- «*Me lembro d' ollado labrando o seu corpo,  
chastando o arado na terra vermella,  
e ergundo o piñeiro no cruceiro do outeiro  
cos pedras do suelo non grandes e fortes.  
Quen, se houbese il vicio en Exequicron  
a xente faría esfondalo patibolo!*»
- MIGUEL E por qué o condenaron a morte?
- PROBIÑA Pol-o meu amore. Molitos tefien morto pol-o meu amore.
- PEDRO (A Brigida). ¡Probiña! ¡Miña xoya! Os sofrimentos magoáronlle a razón.
- MIGUEL Fai moi tempo que se compuxo a vosa cantiga? ¿Fai moi tempo que morreu ese home que vós andades a lembrare?
- PROBIÑA Fai pouco, meu filliño, fai pouco... Pro outros morreron tamén pol-o meu amore moi antes que él.
- MIGUEL E ises mortos, vellíña, eran todos da vosa xente?
- PROBIÑA Ven eiqui arrechégate a miña veira e falareiche un pouco d'eles. (*Miguel, sénzase na lareira, a carón da vella*). Había un louro, case roxo, da linaxe dos O'Donnell, do Norte, e un da linaxe dos Sullivan, (1) do Sul, e ainda había tamén un Brian (2) que perdeu a vida en Clontar, beira do mar, e muitos homes dos países do Poente, algúns
- MIGUEL dos que tefien morto xa vai para centos d'anos, para séculos; sin falar d'outros que han morrer mañán.
- MIGUEL E os homes que han morrer mañán ¿terán de ser das comarcas do Poente?
- PROBIÑA Arrechégate mais, arrechégate mais...
- BRIGIDA (A Pedro). ¿Qué che parez, home? Debe ter o senso perdido. Amostra todo o xeito da tola.
- PEDRO Non sabe o que dí; co'a miseria e os traballos que haberá sofrido...
- BRIGIDA ¡Probiña! Hai que axudala e que lle dar unha esmola.
- PEDRO Faille tomar un pouco de leite e un anaco de galletas.
- BRIGIDA E porque non lle ofrecer tamén algunhas moedas, con todo este ben del Señor que temos hoxe na casa?
- PEDRO (Desconfiado). Pro si gastamos asin os cartos ¿quen ollará para nós? Ti sempre pensando acabar c'os nosos bens...
- BRIGIDA Cala Pedro: Tería de che cair a cara de vergüenza ao falar asin. Ala, dalle de contado un chelín, se non queres que a boa fada nos abandone.
- Penso vai á ucha e pilla un chelín.
- BRIGIDA (Á Probiña). ¿Queredes un pouco leite? ¿Non vos apetece?
- PEDRO (Ofrecéndolle un chelín). Tome, logo.
- PROBIÑA Non é iso o que me percisa. O diñeiro me non pode axudar.
- PEDRO E d'aquela, ¿qué descia entón?
- PROBIÑA Si hai algúin de bó corazón que queira axudarme ha de se me ofrecer il mesmo.
- Pedro, pensando o chelín encot da táboa, parola baixifío con Brigida.
- MIGUEL E non tedes ningún que coide e procure de vós á vosa idade?
- PROBIÑA Ningún. Sendo tántolos homes que me tiveron amore, a miña casña ficou valeira e a miña lareira deserta.
- MIGUEL E sempre andades asin, solitaria, tan sola polos camiños?
- PROBIÑA Cand'a min levo de compañía os meus pensamentos e as miñas espranzas.
- MIGUEL E cales son as vosas espranzas, probe vella?
- PROBIÑA A esperanza de voltar ao recadro dos meus campos verdecentes; a espranza de botar aos forasteiros, aos alleos, da miña casña.
- MIGUEL Non-o coldo doado.
- PROBIÑA Teño amigos fieles que haberán de me axudare. Escoita: agora andan a se

(1) Os O'Donnell e os Sullivan son antigas familias irlandesas da raza céltica.

(2) Rei celta e humanista que no ano 1014 derrotou aos vikingos que se tiñan establecido na Irlanda muito antes de se estableceren ali os franceses.

- MIGUEL Xuntaren para vir na mifia axuda. Pouco importa que hoxe me vexa aso-ballada; mañán xa erguerrei a cabeza. Agora axuntados veñen camiñando eara min, e teño que me dar presa para os sandare. Voume xuntarme aos meus vecíños, sairei a abrazalos. E eu irei cand'a vós.
- BRIGIDA Miguel, Miguel! Non tés porque saudar os amigos da vella; decátate de que a noiva que se ha de unir contigo, axiña virá á nosa casa. Arranxa roupa, viño e suntaneia para qu' ela que está a chegar e non eo' as maus valeiras. (A Probiña). ¿Seique non sabedes que o meu fillo mañán fará a sua boda?
- PROBIÑA Non, non é un home que esteña de boda o que eu quero nin o que poderá axudarme.
- PEDRO ¿Ora a quien che lembra esta probe? (a Brigida). ¿Quén pensas que poida sere?
- BRIGIDA] Miña velliña, inda non-os dixo como se chama.
- PROBIÑA Algunxs chámanme a Probiña e outros chámanme Cathleen, a filla de Houllihan.
- PEDRO Eu coñecin, seique, unha d'ese nome. Pro quen demo era? Debía ser unha que coñecin de pequeno. Non, non. Agora lémbrrome. Ese nome teño ouvido n'unha cántiga.
- PROBIÑA (Aturada, dend' o límiao). E vos estrana que haxa cántigas feitas no meu honore? Moitas cántigas téñense composto para mí. Inda hoxe pol-a mañán ouvir unha que anda a tremelar acochada no vento. (Canta):
- «Non ceibes grandes alianz  
cando obran malde os foins.  
Non faleis os que levan loito  
anxios os enterralos mortos.  
Non obastedes a mesn nin chamaslos forasteiros  
por as virxinas que haberá.  
Curios non derelle a quem pregue  
pol-as mortas de turñiu.»
- MIGUEL Non comprendo o senso d'isa cántiga... Pro digame: que podería eu facer por vós?
- PEDRO Miguel?... Ve acó.
- MIGUEL Cale, mi padre; escóitea, escóitea...
- PROBIÑA Aqués que me axuden, sofrirán unha xeira moi dura e moi perigosa. Moitos que agora teñen as fazulas vermelhas, terán as fazulas enmagrecidas; moitos que podían paseiar libres pol-as pra-

## N O S

levados por camiños aspros, pedreguentos, en terras lonxanas; moitos bos deselos murcharánse; moitos que fixeron cartos non' os poderán gardare; e nascerán moitos meniños, que a os ir a bautizar non atoparán padriño que lles posa un nome. Aqués que teñen as fazulas vermelhas, terán as fazulas enmagrecidas e marelas, por mor meu, pol-a mifia culpa, pro halles parecer que recibiron boa paga. (Vaise. Logo, anda a s' ouvíre lonxana a sua voz que ripite a cantiga):

Sempre mais has ser lembrados cada dia,  
en nos elas decote cíñendón.  
e elas falardóns, sempre, sempre,  
e os que fono e os que sefan de contínuo serviloshán

- BRIGIDA (A Pedro amostrándolle o Miguel qu' dchase direito, en éstase, no límiao da porta, a olhar para a Probiña que s'alonza.) Mirao, Pedro, mira para él!... Ten ollares de lume. (Erguendo a voz). Miguel, ve-acó e fita o teu vestido de noivo. Tan lindo e bo que él! Debias probalo, home. Non seña o demo que logo non che caia ben e se rian de tí as mozas. Anda, vai á alcoba e pon. (Pendúralle o traxe no brazo).
- MIGUEL De que bodas me fala,ña naí? ¿Qué vestidos me hei probare?
- BRIGIDA Home, Miguellito; o vestido que mañán haberás de pór cando faigas o casamento con Delia Cahel.
- MIGUEL ¡Ai! xa case me esquencera... (Esamina o vestido, despoxe vai a entrar na alcoba; mas ouvindo perto berros de ledicia, aturado, fica á escolta).
- PEDRO Os berros ócenxe mais perto... ¿Qué demo pasará?

Entra un fato de vecíños e parentes. PATRICIO e DELIA en compañía d'elos.

PATRICIO Son Marifeiros da Baja. Os franceses desembarcaron en Killala.

Propon, sacando a pipa da boca e levando a man ao chapéu para descubrirse, fica como se fora de pedra. O vestido de noivo cal dos brazos de Miguel.

- DELIA Miguel! (Miguel como si se non lembrara d'ela). Miguel! (Dandolle nas costas). Ollasme o mesmo que si me non coñeceses; como si fose forasteira...
- PATRICIO (Dend' a porta). Os mozos corren hacia abaixoo. Vánse e' os franceses!
- DELIA Tí non te irás e' os franceses, meu Miguellito?

BRIGIDA (*A Pedro*). Dille que non se vaiá, Pedro.

PEDRO E tempo perdido. Non vos decatades de que non siente nada do que lle dicides?

BRIGIDA Home, proba, fai por o convencere...

DELIA Miguel! Miguelito! Tí nou me deixarás; n-é certo que non me has deixare? Non irás aló embaixo cabos os franceses, agora que imos a nos casare... (*Alóngalle os brazos ao pescoco, garimo-seira. Miguel, voltase cara a ela, como disposto a obedecela*).

A voz da Phoebe (na lomxanía).

*«Eles faldrónnos sempre, sempre,  
e os que fono e os que sonan de contigo os villos han».*

MIGUEL, esfbase súpetamente de DELIA e corre á porta; fica ali a escuta, como acorado; despois bótase fora para seguir a PROSEÑA. BRIGIDA alomínha a DELIA, que chora e salouca entr' os seus brazos.


PEDRO (*Collendo a Patrício pol-o brazo*). Di: tí viches unha vella que baixaba pol-o camiño?

PATRÍCIO Non, pro vin unha moza e caminaba como unha raiña.

W. B. YEATS

(Tradución galega de A. VILLAR PONTE)

## IRLANDA POLÍTECA NO SÉCULO XIX



«A millor frol da terra, a millor peira do mar» dí unha canción irlandesa. Hoxe Irlanda está en camiño de alcanzar este deitoso estado, dempois da sua longa, dolorosa pasión. A delor purifica é subrime as almas, e n-este sentido ningun pobo como a Erin ten millor ganado un posto preeminente na nova Europa. N-este artigo lembraremos somentes a historia política de Irlanda no século xix. Dende o século xvi lentamente foi escravizada pol-a Inglaterra. Non falaremos d'esta pasión dolorosa. Soilo n-un país, o Ulster, os colonos ingreses, inda sen chegar á mayoría dos habitantes, foron acesamente ingreses, protestantes e nemigos de toda emancipación, representando sempre hasta hoxe, á vella Inglaterra *tory*.

Ó final do século xviii obrigados pol-a emancipación d'América do Norte e ante o movemento irlandés concederon os ingreses a *Unión Act*, pol-a que Irlanda tiña unha gran autonomía inda que gobernada por un Parlamento no que formaban soilo os protestantes xa que os católicos estaban fora da ley. Baixo d'esta pequena libertá Irlanda prosperou. Foi soilo un período de 18 anos de réxime autonómico.

A latante historia de Irlanda no século

derradeiro desfaise naturalmente en duas grandes épocas, mais coma en todas as divisões históricas non se pode fixar un marco determinado pra referilas. Escolleremos o ano 1893, e o madurar dos feitos daranos moi logo a razón. O primeiro período longo, trémortoso, inquietante aparece cheo pol-as loitas polítecas, relixiosas y-económicas de O' Connell, de *Young Ireland*, de Parnell, do *Home Rule*. Parlamentarios, oradores, homes do século das revolucións, os patriotas irlandeses sufren e loitan en héroes y-en mártires. Mais falan inglés, peroran en Westminster, desfán na Inglaterra partidos e gabinetes. A partir de 1893 outra forte e serea lus alumea ó espírito dos nosos irmáns: a recelización do país, o espertar da alma inmortalmente céltiga da illa, dalles unha total concencia da sua individualidade, e Irlanda trata con Albión de poder a poder.

I Triste foi o comezar do primeiro período. O estadista Pitt soupo machiavellicamente desfacer a pequena libertá d'Irlanda. Inda baixo o goberno do Parlamento de Dublin, orangista e anglicanizado foi tan grande a prosperidade do país n-este lustro d'independencia que os polítecos de Londres sentiron desconfianza, e Pitt acodindo ás suas vellas artes de raposa políteca desfixo á *Unión Act*.

Foi un triste negocio do que sai coberto de

lama o Parlamento de Dublin. O clero católico, de boa fe, creendo n-as promesas de Pitt que falara de darrile a libertá, non s'opuxo ó despoxo. Foi caciuil é indino. Millón e medio de libras costaron (e non foi caro pra Londres) as concordias dos parlamentarios de Dublin. Mais as promesas feitas ós papistas non se compriron é o réxime económico da terra era medioeval. Entón surdin O' Connell.

Era como abogado e coma politeco unha grave e serea testa céltiga, como católico tiña unha fe de cruzado. Todo o mundo recorda como gracias ós esforzos d'este orador alcanzouse a redención politeca dos católicos. Foi unha revolución que afundiu unha das torres mais fortes de vella Inglaterra, *Old England*.

O grorioso Wellington xa reumático tivo un desafio por causa da Transubstancialión. Ganado este trunfo, conquerida no Parlamento inglés a representación politeca dos católicos. O' Connell soñando en patriota co'a restauración da *Unión Act* axitou un formidabre estado d'opinión.

Toda a illa ferveu co'as verbas do tribuno, mais O' Connell tremaba coma un azougado á vista do sangue. Perden de golpe a sua popularidá cando non deixou ir á loita armada n'un instante d'entusiasmo nacional.

Os patriotas disconformes con O' Connell formaron a *Xoven Irlanda* (*Young Ireland*). Foron anos sanguentos e duros. A fame baixou do ermo ceo, os campos morreron, as patacas podreceron. O *Poor Paddy*, o paisano irlandés estruxiado polos donos da terra, emigraron en bandadas pr'os Estados Unidos. Morreron miles de rapaces.

Diante d'este estado de cousas agravado en térmos apocalípticos co'a fame do ano 1845, a Xoven Irlanda partiuense en duas miras, os redentores da *Nation* con O' Brien ó frentre propúñan longa preparación antes d'acodir á unha loita aberta. Os homes do outro boletín o *United Irishmen* botáronse á resistencia armada no ano 1848 cheo de lustrigos liberaes en toda a Europa. A revolta foi duramente domediada, de tal xeito qu'os gobernos de Londres coidaron morta a causa irlandesa.

Non estaba asoballada. Vamos ós feitos. Moitos irlandeses que loitaran na guerra de Secisión dos Estados Unidos formaron a Sociedá secreta e poderosa dos *Fenianos* da que o nome foi emprestado d'unha antiga milicia irlandesa. Foron antiparlamentarios e revolucionarios comprendo o seu xuramento: «Xuro diante de Deus rechazar toda obrigación de fidelidá á Reina d'Inglaterra e empregar as miñas forzas

na instauración d'unha República libre na Irlanda. Estou pronto para loitar ó primeiro sinal. Xuro compreta obediencia ós meus xefes, xuro o segredo en todo o tocante á nosa Sociedá».

O terror feniano lustrigante é inesperado- tivo terribles estoupos. Un dos bós xefes foi Stephens. En pouco tempo voaron á prisión de Clerkenwell, atacaron o castelo de Munster, acometeron á policía en Manchester. Os autores do derradeiro feito chamados Allen, Larkin e O'Brien, antes de morrer no patíbulo dixerón ó Tribunal: «Imos chegar á presenza de Deus; nin nos remorda a concencia nin reatificamos nada do feito. Soltó nos queda dicir: *God save the Ireland*. (Dios salve a Irlanda)».

A represión foi feroz. O goberno inglés pediu é outivo á pauliña dos xefes fenianos, e o Cardenal Cullen negoulles a sepultura en terra sagrada. Inda que o clero—mais que todos o rural—e moltos bispos, foran ardentes patriotas, Roma-moustrouse moi compracente e'os gobernos. Combén fixar ben as ideas pra non facer da causa irlandesa un dos episodios das loitas relixiosas.

Hasta elquí os politicos ingreses viran o movemento irlandés con odio e desprezo. No 1867 a reforma eleitoral aumentou a representación irlandesa en Westminster. No 1869 fixose a separación da Eirexa e do Estado na illa. As duas leises, que, sobre todo a segunda, fería fondamente o vello sistema británico, foron debidas ó ilustre Gladstone, xefe e rexenerador do partido liberal. Por primeira vez n'unha longa serie o Ulster ameazou co'a revolta. En 1870 Gladstone presentou a primeira lei agraria. Un ano antes Carlos Esteban Parnell fundou a *Land League* (Liga Agraria).

Parnell fixo unha trasformación na táctica de loita dos irlandeses. Fundou a Liga axudado pol-o feniano Michael Davitt e polos cartos dos emigrados. Loitando no doble frentre do problema agrario e do obstrucionismo parlamentario acendeu unha fermentación sen igual, foi dono dos debates da Cámara ingresa e forzou a Gladstone para presentar o célebre bill do *Home Rule*.

Namentras se desenvolaban os debates consigue o goberno o Decreto «De Parnellio» no que León XIII condenaba á agitación agraria. A loita nos campos seguía co'a mesma intensidá. Como a Cámara dos Lores extremara a politeca de sumisión ós *Landlords*, as sociedades dos *Moonlighters* (homes do luar) e os Invencibles, sostiveron unha terrible loita contra os embargos. Os Invencibles fixeron matar ó segredario e ó



MR. DE VALERA

vicesegredario do Virrey, mandados por Gladstone pra estudiar imparcialmente o problema. Parnell foi preso. Mais Gladstone cando foi poder no 1886 presentou o bill do *Home Rule*.

Compre dar á coñecer o esencial de este proyeuto:

O poder lexislativo reside en duas Cámaras: Senado e Comunes. O primeiro de 80 senadores nomeados pol-o Rei, os Comunes de 164 membros programados por cinco anos. A competencia d'iste Parlamento de Dublin alcanzaria á total-as cuestiós interiores de Irlanda quedando fora as prerrogativas da Coroa, a paz e a guerra, tratados internacionaes, etc. O Parlamento non ten competencia relixiosa nin pode favorecer ningunha confesión.

O poder executivo ten un Lord Gobernador asistido d'un Consello de ministros responsabres.

A representación parlamentaria d'Irlanda en Londres queda redouta de 107 a 42 diputados.

Este bill parece hoxe escaso en concesiós porque xa estamos afieitos a ver unha Irlanda virtualmente libre. Mais antes da receltización da sua patria os mesmos irlandeses mirábanos como un ideal.

O efecto do bill foi tremendo: rompeuse o partido liberal separándose Chamberlain con moitos diputados, axitouse o Ulster. Gladstone tivo que deixar o poder pra voltar en 1892 con algunas modificaciós no *Home Rule* grazas ás que pasou nos Comunes pero foi vencido nos Loix. Pronto morreu Parnell, caeu Gladstone segunda vez e veu unha larga etapa de goberno conservador.

Baixo d'eles pareceu morto o proyeuto, inda qu'a politeca conservadora foi autora d'unha lexislación agraria favorabre ó colono irlandés. Hai que esperar a 1905 cando os liberais voltaron ó poder con brillante trunfo eleitoral. O gabinete Campbell-Bannermann concedeu á Universidade nazonalista de Dublin un proyeuto de descentralizazón ademanistrativo (Irish Council Bill) que foi rechazado unánimemente pol-a Asamblea nazonalista de Dublin.

Os liberais tiñan medo o *Home Rule* lembrándose que desfixera o partido e o botara duas veces do poder. Foi preciso que Asquith precisara os 80 votos nazonalistas irlandeses pra facer tranfar os famosos presupostos de Mr. Lloyd George. Os irlandeses dividíranse en dous partidos: os 72 diputados do grupo dirixido por Mr. Redmond votaron o *Home Rule*, os 10 do grupo O'Brien, puramente *Sinfeiners* (xa veremos logo que representan o verdadeiro espírito irlandés) sólo querían a independenza total.

## NOS

Mr. Asquith pra facer pasar ó bill tivo que modificar a Constitución limitando a tres anos o direito de veto da Cámara Alta. Loitan con elas e con gran parte do espírito inglés representado por homes como o poeta Rudyard Kipling. O *Home Rule* debía entrar a rexir no outono de 1914. Mais era preciso resolver a cuestión do Ulster. Este pais rico, forte, enxebreamente conservador tomou unha actitude de loita, un pouco cómica ás veces. Dirixidos por Sir Edward Carson e o capitán Craig cien mil ulterianos congregados en Belfast xuraron, en Setembre de 1912, un covenant negando toda autoridá ó futuro parlamento irlandés. Cando Asquith creeu resolta a cuestión separando o Ulster temporalmente, a voz do diputado Healy, orador do partido irlandés de O'Brien expresou craramente nos Comunes o sentir d'Irlanda: «Esta non é cuestión politeca, é a esencia dos nosos curazós. E millor non aprobar o bill que admitir tal condición que separa de nós a terra santa onde está enterrado San Patricio». En Agosto de 1914 estralou a Gran Guerra. Agora é preciso lembrarse de como dende 1893 creceu a receltización da illa, como se comprou o sentimento nacional con un idioma e unha cultura propia, e teremos a chave da presente posición de Irlanda.


II Antes de 1893 o vello idioma irlandés, o *erse* iba camiño d'unha morte total. Apenas era falado por medio millón dos catro de habitantes con que contaba a illa. Durante o período de O'Connell, da Xoven Irlanda, de Parnell sólo algúns homes aislados (o obispo Mac Hale entre eles) comprenderon a importancia do idioma nacional. Como di Tann-Morvoan Goblet no seu libro «L'Autonomie irlandaise»: O'Connell aconsella o uso do inglés que permite falar en Westminster e marchar ós Estados Unidos».

No 1858 fundouse a Liga Gaelica (*Connachadh na Gaedhilge*) cando menguaba o movemento nazonalista da época de Parnell. Foi filia da xumentu irlandesa, composta por católicos e protestantes. Tivo un éxito máxico. Descubriron á vella literatura do pais e fixo frolecer unha literatura nova. Entrou na Banca, na Eirexa, na Prensa. Irlanda atopou por fin unha expresión súa, que fortificou ó sepristino celtismo e deulle os carauteres de nación compreta e viva. A sua alma consta nas obras de Yeats, de Synge, de Lady Gregory. En outros artigos falaremos d'este animador movemento que extendéndose hasta a vida económica creou cultivos, fábricas, riqueza, millorou a situación do paisano e do artesano e fixo aumentar a población.



*«Mañán estardis morto!  
Non: mañán a tua Terra espertardá!  
Qu'importa, logo, a tua morte,  
A miña, nin quen pensa no qu'ha cair?  
A Nosa Terra vivirá!»*

(TERENCIO MAC SWINEY, A Música de Liberdade, 1907)



A partir do comenzo da gran guerra a políteca d'Irlanda está representada polos *Sinnfeiners* (*nos solos*). Eles promoveron a revolución de Pascua de 1916 e dende entón afondouse o abismo entre Inglaterra e Irlanda. Cando en 1917 Lloyd George xuntou unha Convención ou Asamblea irlandesa, non se chegou a nada porque o partido *Sinnfeiner* non foi representado. A apricación en Irlanda do servizo militar forzoso, e a posición do Ulster acabaron de facer *Sinnfeiner* á todo o país. Nas eleccións de Nadal de 1918 dironlle 70 dos 72 distritos irlandeses, os diputados *sinnfeiners* non se sentaron en Westminster. No 21 de Xaneiro de 1919 xuntándose os separatistas en libertad (moitos estaban presos) proclamaron na

*Mansión House* de Dublin a Repùblica irlandesa, mandaron delegados pr'a Conferencia da Paz e pediron a retirada das tropas británicas. Eduardo de Valera ocupou a presidencia da *Dail Eireann* ou Asamblea constituyente de Dublin.

Dende entón sigue a loita que todos coñecemos, Irlanda sofre nobremente os males da guerra. O sacrificio do alcalde de Cork probou ó mundo asombrado quen son os celtas. Fai meses que De Valera e Lloyd George tratando de poder á poder dan a realidá de duas nacións tratando frente á frente.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

## AO BON IRLANDÉS

*Com' as garridas miezes na seitura  
van caindo  
en neviña de sangue, a frolecer.  
Irlandá en primaveira! Na tépida quentura  
van xurdindo  
pra caer e caer  
e tornar a florir  
e a morrer  
na escuridade d' oxe, celestia do porvir.  
As roxas labaradas  
fumegantes, ardentes,  
lamben tragicamente  
as torradas paredes das chouças derrubadas  
a feito.  
Irlandés! N-hai fogo como o fogo do teu peito!  
A chamada do sangue! A voz da Terra-Nai!  
Un irlandés que s'ergue porque outro irlandés cai,  
& as balas a cimir sin dórr nin compasión.  
Bon irlandés! Tu tés d'aceiro o curaçon!*

VICTORIANO TAIBO



# IRLANDA E GALIZA



des, relacións que, olladas unha por unha, parece que non teñen nada de particular, e que son com'as qu'existen entre outros moitos países do mundo, mais cand'un as considera y-arrepara nelas en xunto, en realidade son causa que sorprende y-asombra, e incrina a un a meditar pra contra si e pensar qu'elo debe pender n-algunha causa moi fonda e moi segreda. Quen sabe pra que destino futuro quixo Deus preparalas, multiplicando d'ise xeito antr'elas os enlaces e mais as somellanzas! O certo é qu'elas son moitas e moi notables, e imos sinalar algunas d'elas.

#### Recuado enlace das duas Terras

Son moitos os sabios que, coma Borlasse, Mac Andrew, Forbes, Beaumont e o noso Corriente, suponen que, enantes da época lazial, Irlanda e Galiza estiveron conenctadas por un gran estribo orográfico que, formando un gran arco de circulo, pechaba polo occidente o Golfo de Gascuña, indo da costa N. de Galiza, antr'o Ferrol e Finisterre ás costas meridionais de Irlanda, hipótese comprobada por moitas observacións d'orde xeolóxico, oceanográfico, botánico e zoólogo. Iste enlace antr'as duas terras afundiu logo, solagado baixo das augas do Océano Atlántico, coincidindo cecais, coma supon Beaumont, coa formación do círculo volcánico.

neco do Mediterráneo. A sua presencia ven acusada no mapa de fonduras mariñas de Stieler por unha zona de menores fonduras en contraste con outras de moito mais de 2.000 brazas a un lado y-a outro do dito estribo orográfico.

#### O clima, a flora y-a fauna

Eliseo Roelius fai notar a somellanza do clima: os mesmos ventos mareiros vindo do S. W. e do N. traguen as mesmas chuvias abundosas, qu'eiquí ademais, contrastan co'a arideza dos chaos de León e Castela, chuvias que dan ás terras d'Irlanda e Galiza a boa lentura qu'enverdece vrou e inverno os nosos eldos, e fixo qu'a Irlanda fora chamada a verde Érlin. O temporo véniles do Gulf-Stream ás duas.

A existencia d'unha flora similar nas montañas galegas e nas montañas irlandesas foi observación que se deben a Forbes, que fala das variedades da *Saxifraga*, *enéa*, *pubrecia*, *arbutus*, etc. Pol'a sua parte, Mac Andrew, estudiando a fauna marítima de Vigo, comprobou que de 200 especies de testáceos, 120 pertencían tamén á fauna británica. Da fauna terrestre pódese dicir igoal, y-abonda observar qu'el se cría com'eiquí de preferencia o gando vacuno e praiticanse as industrias derivadas do leite.

#### Homologías xeográficas

Poniendo un a carón do outro, un mapa d'Irlanda e outro de Galiza, é cousa que sorprende d'aproximadamente o 70% de ambos os mapas que se correspondan. As costas N. e W. d'Irlanda, e as costas N. e W. de Galiza. Caxeque teñen as mesmas escotaduras, os mesmos esgazamentos, as rías qu'eiquí com'eiquí s'imitan ós fiords escandinavos e ós *Arths* escoceses, sexan ou non vales medio-solagados, leitos d'antigos lazieras, ainda non atuados polos arrastres dos ríos.

Hai antr'as costas das duas terras, unha

curiosa coincidencia d' accidentes xeográficos. Na d' Irlanda, os cabos Malin e Fanad, os mais septentrionás, corresponden respectivamente coa Estaca de Vares e co cabo Ortegal da costa nosa. Ó E. do Malin head está a bahía de Foyle que corresponde coa ria de Viveiro, e ó W. do Fanad head, a de Swilly que corresponde coa de Santa Marta. Logo, car'o W., a costa d' Irlanda fai a mesma forma qu'a nosa deico cabo Teelin, que ven a ser o noso cabo Prior. Elí principia a gran bahía de Donegal, inteliramente disposta com'a do Ferrol, ocupando as vilas de Donegal, Sligo e Derry, as posiciós qu'eiquí o Ferrol, Pontedeume é Sada. Mais adiante ven a Killala Bay, correspondendo á da Cruña. Sigue a costa irlandesa en onda car'o W. hastra chegar ó cabo Achill, que é o noso Touriñana, e baixa en onda entrante car'o S., hastra o cabo Llyne que é o noso Finisterre, deixando no médeo a Westport, n'unha posición imitante á de Muxía. A bahía de Galway corresponde coa ria d' Arousa, e as vilas de Kinvara e Milltown Malbay, a Vila-García e Cambados. A ria do Shannon é a ria de Pontevedra y-a Dingle Bay, a de Vigo, correspondendo ás nosas Cíes, as illas Blasket. Tralee estará logo ond'a nosa Bayona.

Derradeiramente, as catro divisións d' Irlanda: Ulster, Connaught, Munster e Leinster, corresponde as catro provincias de Lugo, Cruña, Pontevedra y-Ourense.

#### As columnas d' Ércoles do Septentrión

O gran Murguía fai a indicación, recollida por il de testemuíos espallados nos autores antigos, de que non somentes se chamaba columnas d' Ércoles ás montañas de Calpe y-Abila, que fan a porta do Estreito de Xibraltar, senón tamén a outras duas ó N. das que unha era a Torre d' Ércoles da Cruña (*Farum Brigantium*) y-a outra algun vello moimento irlandés, situado eceais perto do cabo Cleare, e que faguián a porta do gran golfo determinado pola Irlanda ó N., a Galia ó E., e a costa septentrional da Península Ibérica ó S.

A leenda de que dend'o alto da Torre d' Ércoles, se ven as costas d' Irlanda, e moi sabida e creida en Galiza, y-ademais moi antiga. Nennius traína; Ethicus, xeógrafo do século IV, ó falar do Faro Brigantínio, dí que mira car'a Irlanda, y ó falar d' esta illa, dí que a sua parte mais sainte mira cara Brigancia, vila de Galiza.

#### Colonización galega na Irlanda

Os irlandeses pertencen coma nós á mais pura rama da gran raza céltica. Iles din que veñen dos *Milesians*, xentes do Gaedhill, ou Galiza pre-estórica, da nosa raza, eterna migradora.

As vellas crónicas da Illa d' Eirin, coma o *Leabar Gabala* (libro das invasións) e mais o dos *Catro Mestres*, e outros, conservan a tradición antiquisima do noso rei Breogán, da tribu dos brigantes, fillo de Braha, neto de Deyaha, descendente en liña reuta de Fenn, da nobre e antiga raza de Gael, qu'ergueu na Cruña o famoso Faro dos Brigantes, dend'o alto do que, o seu fillo Ith divisou n'un craro serán d'inverno a distante terra d' Irlanda. E lembrando unha profecía do druida Kaiker, levou a aquela terra unha expedición de moitas naos, e chegou, e foi moi ben recibido, mais logo matárono, e pra vingal-a sua morte, foi aló o Rei Breogán cos otros fillos e venceron os Fir-bolg e os Danand, e pobearon Irlanda, que foi dividida ante Eber y-Eremón, fillos de Breogán.

E nesa tradición fían moitos estoriadores, coma Caeman, Dunham, Thierry, Murguía, Saralegui, o P. Fita e outros. Cailleux dí qu'os irlandeses sempre se lles chamou milesians, e qu'iles chaman ó seu pais *Melid*, e Murguía fai notal-a semellanza d'iste nome co de *Melide*, verdadeira pronunciación galega de Mellid. Saralegui chama a atención en col do nome de *Gallway* ou *Gallive*.

#### O Cristianismo en Irlanda e Galiza

Irlanda non foi incorporada á civilización clásica, namentres non foi evanxelizada. Mais despois, as letras gregas e latinas foron estudiadas con froito tal, que a Irlanda foi merecente de que lle chamassen ó mesmo tempo Illa dos Santos e Illa dos Sabios.

Do mesmo xeito, Galiza no foi en realidade latinizada hastra despois de se convertir o pobo galego ó cristianismo, e foi á Eirexa e moi especialmente ós numerosos mosteiros qu'eiquí se fundaron, a quem debeu igual que a Irlanda, o seu latín, y-o enseno das letras clásicas.

Somente que Galiza, polas circunstancias estóricas que seguiron, e mais por estar a carón dos pobos latinos, e por convertirse na época dos alárabes en refuxo da civilización cristiano-latina, latinizouse molto máis, hastra o punto de perder a sua antiga lingua e de se crear un romance propio, que logo s'estendeu deic'o

Algarbe, e dende Portugal pol-a África y-América, o que lle non pasou á Irlanda, a que tivo en troques a ventaxa de conservala na lingua gaélica, e coela un mais puro carante céltigo.

Mais as duas, no que toca á sua incorporación á civilización dominante na Europa foron fillas lexitimas da Eirexa.

#### San Patrick en Bayona

En Bayona de Miñor ainda se conserva a tradición moi antiga de que San Patrick, o Apóstolo d'Irlanda, chegou e padricou eli o Evanxeo. O Santo, dí a leenda, viña da Verde Eirin nunha nau d'encantamento, e no sitio onde padricaba, erguen un cruceiro, com os moitos cruceiros que s'erguen na terra d'Eirin, e mais tamén na nosa Terra, que hastra esa imitancia hai entre Irlanda e Galiza, d'estaren poboadas de cruceiros de pedra, molmentos eternos da piedade céltiga. E aquil cruceiro chamouse o cruceiro de San Patrick, en lembranza, dí a tradición, da visita do Apóstolo da Irlanda á nosa Terra.

#### Os irlandeses en Compostela

Dendes da gran época das Pelengrificacions hastra os nosos días, os piedosos irlandeses vinieron amiudo visital-o sepulcro do Santo Apóstol Sant'Iago, sendo hoxe en día caxeque o único pobo que conserva iste antigo costume, coma si unha forza misteriosa os atraguera car'a nós.

Ademais, cando as persecucións relixosas que sofriron nos derradeiros anos do século XVI, os que fuxiron e vivieron dar ond' os seus irmáns de raza e de fe, unhos cantos rapaces nobres, amparados polos frades de San Francisco, fundaron un Colexo latino, baixo da advocación de San Patrick, do que foi Reitor un crego irlandés. Ise Colexo dende 1614 foi dirixido pol-a Compañía de Xesús, que puxo de Reitor ó irlandés P. Thomas Vitus; n'il enseñaron ademais, o irlandés P. Richard Conde e os galegos P. Diego d'Arauxo e Alvarez Sotelo, e d'il saiu o latinista Guillermo Lombard autor d'unhas *Laudes* (Madrid, 1633). Ó fin, cando botaron fora os xesuitas, o Colexo Irlandés de Compostela foi incorporado ó de Salamanca.

Tamén foron nalgún tempo autivas as relacións comerciaes direitas antr' Irlanda e Galiza, e os irlandeses lémbranse d'elas, mais, achándose sen faguel-a estoria económica e comercial de Galiza, somentes temos d'as referencias vagas.

#### O «gallego» y o «wild-irish»

Tamén hai imitancia antr'a maneira de seren tratados polos seus veciños e domeniadores, o pobo galego e o pobo irlandés. Galegos e irlandeses son igualmente obrigados a renunciar á sua lingua e á sua civilización de seu, das que, aló os ingresos y-eiquí as castelans, fan bulra e desprecio. Os irlandeses com'a nós, sicanos nas comedias pra faguer rir á xente, e vense coma nós aldraxados e tidos por xente inferior. Si a verba «gallego» nos beizos d'un castelán é un insulto, os ingresos fártanse de chamar «wild Irish» (salvaxe irlandés) ós nobres fillos d'Eirin.

Pobos os dous de labregos e traballadores, os dous se ven reducidos a seren arrendatarios ou foreiros d'amos absentistas; os dous ven as suas industrias impeditas pol-a protección ás industrias d'outros pobos, as riquezas do seu chao esprétadas por mans estranxeiras qu'arrapillan os cartos todos, namentras illes, asoballados pol-a administración pública, teñen que deixal-a sua terra pra iren ganar á América o pan do desterro, hastr'o punto de seren os pobos que mais emigran.

#### As Irmandades da Fala e a Liga Gaélica

Por unha volta á fala propia e tradicional principiou en Irlanda e Galiza o espertamento derradeiro. A *Liga Gaélica* formouse na Irlanda moito antes, coa mesma finalidade qu'as nosas *Irmandades da Fala*.

Xa dende o tempo dos Precursores, os nosos devanceiros programaron a nosa comunidade d'orixe co pobo da Illa dos Santos. Verea y-Aguilar, Murguía, Saralegui insistiron n'esto. O gran Pondal, os nosos lonxanos dos vellos bardos d'Irlanda, e Brañas, o ilustre y-esquecido Brañas, o verdadeiro fundador do Agrariano, presentou ós nosos labregos o exemplo dos labregos irlandeses, n'aquelas verbas inextinguibles:

Ergue, labrego  
Erguete e anda  
Com' en Irlanda! Com' en Irlanda!

Tamén nós temos colonos ulsterians, somentes qu'espallados pol-o pais inteiro; tamén nós temolos redmondistas do «regionalismo sano y bien entendido».

Hoxe, a estrela inmorrente do Celtismo, volves' alcender pra alumear o mundo... El brillará logo pra Eiria do Sur?

VICENTE RISCO

NOS

AGUAS MINERO-MEDICINALES  
BICARBONATADO-SÓDICAS

# MONDARIZ



NÓS

FRÁBICA MECÁNICA DE CALZADO

DE

# ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

**Depósito: Cantón Grande, 15 - A CRUNA**

## GRAN CAFÉ "LA UNION,,

O MILLOR SITUADO E DE MAIS CONFORT

**BILLARES - VARIETÉS - SEXTETO**

Nóvos propietarios: MANUEL VAZQUEZ :--: EULOGIO ALBERTE

PEREIRA, 13

TELÉFONO NÚM. 61

DISPONIBLE

## SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR

D. Manuel Pol Piñeiro

Cruxia xeneral y especialista

D. Manuel Peña Rey

Xinecoloxía e partos

Istalado en sitio sano e pintoresco (carretera da Loira).

Conta con elementos precisos pr'a boa asistencia dos operados.

Moi logo istalará RAYOS X.

PRA DETALLES DIRIXIRSE A UN DOS DIREITORES

“QUEREDES VESTIR BARATO E CON ELEGANCIA?

Pois, encargade a feitura  
dos traxes na xastrería de

**José María Rodríguez**

Pereira, 2 - OURENSE

**Manuel L. Enríquez**

Médico - Oculista

asistente, pago pol-o Goberno español,  
ás clínicas das Universidades de Zurich  
(Suiza) e Würzburg (Alemania)

Consulta diaria no Hotel Miño :: Ourense

DISPONIBLE

## LIBROS DE TEIXEIRA DE PASCOAES

Terra Prohibida + Arte de ser Portuguez + Sempre + As Sombras  
Maráños + Cantos Indecisos

## “A NOSA TERRA,, BOLETIN DECENAL

Idearium das IRMANDADES DA FALA en Galicia e nas colonias galegas d' América e Portugal

PRECIOS DE SUSCRICIÓN . . .

Na Crúa ó mes . . . . .	40 céntimos
Coste d'un número . . . . .	15 "
Fora, trimestre . . . . .	1'50 pesetas
América, id . . . . .	2'00 >

REDACCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN: PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO. — A CRUÑA

MERQUE VOSTEDE  
NOVELA GALLEGA POR  
FRANCISCA HERRERA E GARRIDO

“NEVEDA,,

Coste, DAZASEIS REÁS

# F. Román e Saco

## DROGUERÍA

## E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

UN ANUNCIO PERMANENTE EN “NÓS,,

É un imposto sobre a venda que beneficia a quen-o paga

**“Teoria d'o Nacionalismo Galego,,**

POB VICENTE RISCO

Léaa que lle dará luces pr' enxergal-os probremas da nosa Terra

PRECIO: CINCO REAS

*Os VINOS do Ribeiro*

# **ARNOYA FINO**

*Siñifican o máisimun da “delicadeza,,*

*BODEGAS da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes.-OURENSE*